

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 22 DE FEBREIRO DE 2017.

Asistentes:

Alcalde-Presidente:

José Demetrio Salgueiro Rapa

Vocais:

D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro

D^a Cristina Iglesias Guerreiro

Secretario:

D. Luís M. Fernández del Olmo

Interventora:

D^a Elena Santos Rey

Ausente:

D^a Ana María Abad López

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dez horas e trinta minutos do día vintedous de febreiro de dous mil dezasete, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José Demetrio Salgueiro Rapa e coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario D. Luís M. Fernández del Olmo, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria e urxente correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 2 de febreiro de 2017.

Por Secretaría dáse conta do erro material no punto B.1) polo que se procede a súa rectificación que quedaría da forma seguinte:

B.1) SOLICITUDE DE D. ANTONIO GARCÍA FERNÁNDEZ RELATIVO A PINTADO DA FACHADA EN PORTOCELO.

Vista solicitude formulada por D. Antonio García Fernández con D.N.I nº: 33.837.156-Q con domicilio en C/ Jesús Nazareno, 20 (27780 Foz), para realización de obras de pintado da fachada Este da Vivenda sita en Portocelo, 3 con referencia catastral nº 27025A062003440001KK.- Polígono nº 62. Parcela 344. Expediente:1083/16

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que :

- *1º.-De acordo coa documentación que se achega, asinada polo solicitante, e con proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico, Don Tomás Rodríguez Rapa colexiado nº 376, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE AUGAS, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicado no B.O.P do 14 de xullo de 2012.*
- *3º.-Habida conta que o inmovible atópase dentro da área delimitada como Solo Rústico de Protección de Augas é preceptivo informe da Comunidad Autónoma, (Augas de Galicia), de acordo co previsto nº artigo 36 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro.*
- *4º.-Na data 14 de decembro do 2016 coa clave DH.W27.53053 emiteuse o preceptivo informe favorable da obras que se solicitan, por parte da Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.Augas de Galicia.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impoñense as condicións seguintes:

- *Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial, debendo a empresa construtora dispoñer do obrigado seguro de responsabilidade civil.*
- *O ámbito da zona de traballo e acceso a este, dende viais municipais deberá estar perfectamente limpo.*
- *Habida conta que non se achega documentación descritiva das obras que se pretenden, e pola súa condición de obras de reparación, non poderán afectar a elementos estruturais,*

nin suporán aumento de volume adaptándose única e exclusivamente ao solicitado. Respetarase o primitivo deseño e tipoloxía da edificación e o seu ámbito.

- *As instalacións necesarias para a realización destes traballos deberán estar perfectamente valladas, na zona de beiravía, coas sinalizacións correspondentes, así como a disposición correspondente de luces de sinalización en horas nocturnas.*
- *De acordo coa documentación achegada e pola entidade dos traballos a realizar, enténdese que se poden informar favorablemente os devanditos traballos, sempre e cando se atean exclusivamente ao solicitado, e de acordo coas condicións establecidas nos apartados anteriores e no informe preceptivo emitido por Augas de Galia, adxunto ao presente expediente.*

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 500,00€.- salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 10,03€.-

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 1 ano para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

Non formulándose ningunha outra reclamación, queda aprobada por unanimidade a acta da sesión anterior.

B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA

B.1) SOLICITUDE DE D. JOSÉ ANTONIO GOAS BASANTA RELATIVO A PRORROGA DE LICENZA PARA A CONTRUCCIÓN DE VIVENDA EN REBOREDO-XUANCES.

Vista solicitude formulada por D. José Antonio Goas Basanta con D.N.I nº: 33.835.970-A con domicilio en C/ Nicolás Cora Montenegro, 55 3º E (27850 Viveiro), de prórroga para realización de obras de construción de vivenda unifamiliar en Reboredo.-Xuances.-Xove .-

Expediente:267/17.- Exp. Licenza:162/14

Polígono Nº 19.-Parcela 70.-REF.-27025A019000700000JF

Parcela Nº 174.,Parcela 71.-REF.-27025A019000710000JM

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

- *O solicitante obtivo a pertinente licenza para levar a cabo os traballos correspondentes a construción dunha vivenda unifamiliar composta de semisoto e planta baixa de acordo co proxecto redactado polo arquitecto D. José Díaz López, en Xunta de Goberno local deste Concello ó día 18 de febreiro do ano 2.014.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- *Actualmente, non cambiaron as circunstancias urbanísticas aplicables á parcela na que se situa a edificación, polo que se informa favorablemente a concesión da pertinente prórroga para a finalización das obras que a están executando, ao amparo do artigo 145.2 da lei 2/2016 do 19 de febreiro de 2016, nas mesmas condicións aplicadas á licenza outorgada no seu día.*
- *Esta prórroga de licenza, concédese por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado de tres anos.*
- *Asimesmo se recorda a obrigatoriedade, unha vez rematadas as obras, de solicitar a correspondente Licencia de Primeira utilización, co aportación entre outra documentación,*

dos planos de estado definitivo cos cambios que pudieran haber, así coma a valoración dos mesmos e a súa xustificación urbanística.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

4º) Fixase un novo prazo non superior ó inicialmente acordado de 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.2) SOLICITUDE DE EDUARDO MANUEL SIERRA ESMORIS DE RECONFIGURACION DE LINDEIROS CON AGRUPACION E SEGREGACION DE FINCA SITA EN VILAR-LAGO.

Dada conta do escrito presentado por D. Eduardo Manuel Sierra Esmoris con D.N.I.º 33.997.408G e con domicilio en Castelo, 17 (27850 Magazos-Viveiro) no que solicita a reconfiguración de linderos e agrupación e segregación de parcelas en Montezumbado-Vilar-Lago, segundo o deseño que se xunta. Expediente: 105-106/16

- Parcela A: 27025A028001700000JH
- Parcela B: 27025A028001710000JW

Visto informe do Arquitecto Técnico Municipal que sinala o seguinte:

Las parcelas cuya reconfiguración de linderos se solicita, de acuerdo con la documentación que se aporta, suscrita por el arquitecto técnico Don Tomás Rodríguez Rapa, se encuentra enclavadas de acuerdo con el vigente planeamiento urbanístico del Ayuntamiento de Xove , Plan Xeral de Ordenación Municipal,(aprobado definitivamente el 12 de junio de 2012, y publicado en el B.O.P de 14 de julio de 2012), en dos zonas claramente diferenciadas:

SUELO URBANIZABLE NO DELIMITADO-I 1.(S.U.N.D-II).

Suelo Rústico de Protección de Infraestructuras.(S.R.P.I).

Antecedentes:

1º.-Con anterioridad y con registro de entrada 3280/16se había solicitado la agrupación y posterior segregación de cuatro parcelas:

Parcela A: 27025A028001700000JH

Parcela B: 27025A028001710000JW

Parcela C: 27025A028002030000JB

Parcela D: 27025A028002300000JZ

Se emitió informe favorable por parte del técnico que suscribe con fecha 13-10-2016 de dicha agrupación y posterior segregación, quedando dicha segregación del modo siguiente:

- *Parcela 1.- 2.418,00M/2.- (Suelo Rústico de Protección de infraestructuras).-S.R.P.I*
- *Parcela 2.- 3.833,00M/2.- (Suelo urbanizable no delimitado industrial).-S.U.N.D-II*

2º.-Por parte del solicitante se expone que por falta de documentación no se ha podido realizar la escritura pública de dicha agrupación y consiguientemente no se ha podido inscribir en el registro de la Propiedad, por lo que se pide la anulación de la anterior agrupación y segregación concedida al objeto de proceder a una nueva segregación adaptada a las circunstancias que se exponen en la solicitud presentada.

Informa que de acuerdo con la documentación gráfica correspondiente a los planos que se aportan con informe presentado, las superficies de las parcelas quedan una vez realizada la reconfiguración que se pretende, como sigue:

- *Parcela 1.- 2.005,00M/2.- (Suelo Rústico de Protección de infraestructuras).-S.R.P.I*
- *Parcela 2.- 2.580,00M/2.- (Suelo urbanizable no delimitado industrial).-S.U.N.D-II*

Se informa favorablemente la reconfiguración de lindes que se solicita, toda vez que lo solicitado, se adapta a lo previsto en los artículo 148-149 y 150 de la Ley 2/2016 de 10 de febrero del Suelo de Galicia.-

Por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de reconfiguración de lindeiros coa agrupación e segregación interesada, nos termos recollidos na documentación que consta no expediente.

2º) Dar traslado ó solicitante, do presente acordo así como fotocopia de toda a documentación, os efectos procedentes.

B.3) SOLICITUDE DE D. SEGISMUNDO CASABELLA RODRIGUEZ RELATIVO A CONSTRUCCIÓN DE MURO DE PECHES DE PARCELA SITA EN SUMOAS.

Vista solicitude formulada por D. Segismundo Casabella Rodríguez con D.N.I nº: 33.993.403-R con domicilio en C/Tomás Mariño Pardo, 1 3º C (27870 Xove), para realización de obras de execución de muro de peche en parcela sita en Sumoas. Ref.catastr.: 27025A011000510000JU

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que *de acordo coa documentación que se achega, asinada polo solicitante, e con proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico, Don Tomás Rodríguez Rapa colexiado nº 386, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como Solo Rústico De Protección Agropecuaria, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicado no B.O.P do 14 de xullo de 2012.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- *O artigo 35 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, no seu apartado 1, regula os usos e actividades admisibles en solo rústico. No Subapartado b considérase como uso admisible: muros de contención, así como valado de predios.*
- *O artigo 36 da Lei 2/2016 dice literalmente:*
 - *Os usos e actividades relacionadas no artigo anterior son admisibles en calquera categoría de solo rústico, sen prexuízo do disposto nos instrumentos de ordenación do territorio e, se é o caso, logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística.*
 - *En todo caso, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal ou da autorización autonómica nos casos en que esta sexa preceptiva segundo o disposto no número seguinte.*
- *Por parte da Xunta de Galicia, Consellería do Medio Rural, na súa Xefatura territorial de Lugo coa data 3 de febreiro de 2017 emitiuse informe favorable das obras que se solicitan. Referencia:MR 110230*
- *Na memoria do proxecto presentado, no seu apartado 1.2.3 e 1.2.4 correspondente a memoria urbanística, así como no plano de situación, xustifícase o cumprimento da Normativa do P.X.O.M e da Lei 2/2016 para a realización das obras que se pretenden levar a cabo.*
- *O peche que se pretende arranxar estará en consonancia cos tradicionais existentes no núcleo rural. Cando o peche ou vallado de fincas sexan de elementos opacos ou de fábrica terán unha altura máxima de 1,00metro, podendo rebasarse esta altura ata 1,50 metros con materiais diáfanos, acordos cos existentes no núcleo, así como con peches vexetais.(Artigo 290 do P.X.O.M).*
- *Farase a construción en mampostería concertada ou bloque de formigón pintado, en calquera dos casos a reparación deberá realizarse cos materiais tradicionais do medio rústico no que se localiza. Este muro non deberá impactar negativamente no ámbito en que se sitúa.*

- *As obras que se solicitan, respetarán as aliñacións e sinalizacións correspondentes as cales deberán especificarse por parte dos servizos técnicos municipais adaptándose as prescricións municipais.*
- *Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, co obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da parcela, e poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza así como a súa adaptación á Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia*

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

- 3º) Valórase o presuposto da obra en 2.085,85€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 41,72€.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 1 ano para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

C) CONTAS E FACTURAS

C.1) INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DE SERVIZO DA ALCALDÍA CORRESPONDENTES ÓS MESES DE DECEMBRO DE 2016-XANEIRO E FEBREIRO DE 2017.

Por tres votos a favor e coa abstención do interesado, procédese á aprobación das indemnizacións por razón de servizo da Alcaldía, correspondentes ós meses de decembro de 2016 e xaneiro e febreiro de 2017, por importe de 911,32 €

D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL

D.1) SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA XOVE DE SUBVENCIÓN PARA ESCOLAS DEPORTIVAS 2017.

Visto a solicitude de D. Ovidio Rouco Otero, como Tesorero da ACDXOVE con CIF G27284520 e domicilio a efectos de notificación en Camiño Real, 34 P04 I (27870 Xove).-

Visto que na Base 31 das de Execución do Orzamento municipal para o exercicio 2017 se prevé unha subvención de carácter nominativo ou directo para a devandita asociación/clube por importe de 21.000,00 €

Visto que a documentación presentada cumpre con todos os requisitos establecidos na Base 32.

Visto o conforme da Interventora municipal acreditando a existencia de crédito na partida 341.489

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión da subvención económica nominativa por importe de 21.000 € para o fomento do deporte base en Xove durante 2017.

2º) De acordo coa Base 33 das de Execución do Orzamento Municipal para 2017, o libramento en concepto de anticipo da cantidade de 14.700€ correspondente ó 70% da subvención concedida.

No caso de que o beneficiario non xustifique de xeito debido a subvención concedida, deberá proceder ao reintegro do anticipo abonado, que se considerará ingreso de dereito público, podendo esixirse de ser necesario pola vía de constrinximento, con independencia das responsabilidades a que houbera lugar.

3º) Establecer como obrigas do beneficiario da axuda todas as relacionadas no artigo 7 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove.

4º) Establecer, consonte ao disposto na Base 35 das de Execución do Orzamento Municipal para 2017, o seguinte réxime de xustificación da subvención:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada (distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable).
- Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa (nóminas, TCs, cartas de pagamento oficiais, etc.). As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 1496/2003, ademais de estar datadas no período subvencionable.
- Deberá aportarse o orixinal que será obxecto de unha estampilla. O estampillado consistirá nunha impresión sobre o documento orixinal da expresión “documento xustificativo da subvención outorgada polo Concello de Xove para”. Unha vez estampillada a factura, efectuarase copia cotexada da mesma aos efectos da devolución do documento orixinal ao beneficiario.

Con carácter excepcional aceptárase a xustificación do pagamento mediante “recibín” do proveedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 50 euros.

Caso de que unha parte da documentación presentada para a xustificación da subvención consista na concesión de premios, ésta deberá ir asinada polo perceptor do premio mailo representante legal da entidade beneficiaria da axuda.

De acordo co artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, considerarase como gasto realizado aquel gasto do que se teña constancia documental sen necesidade de que figure efectivamente pagado no momento da xustificación da subvención. Non obstante, todo beneficiario dunha subvención nominativa do Concello deberá presentar os documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante antes do 20 de decembro do ano correspondente. Entenderase por documento acreditativo de pagamento, extracto ou certificación bancaria de transferencia, salvo que se trate de pagos inferiores a 100 euros no que se admitirá a expresión “pagado” estampillada na factura polo establecemento comercial correspondente. A estes efectos, en ningún caso poderá obter a condición de beneficiario dunha nova subvención municipal aquela asociación que non tivera presentado os xustificantes de pago correspondentes.

- Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, axuda concedida do Concello, outras axudas, etc.)

No seu caso, un exemplar da documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade subvencionada.

- Certificados acreditativos de non ser debedor á Facenda Estatal, Autonómica, Seguridade Social nin ao Concello de Xove. Non obstante, no momento da solicitude da subvención, o petitionerio deberá indicar se autoriza ou non ao Concello de Xove para a obtención de oficio destes certificados.
- Consonte ó artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, para axudas de importe inferior a 3.000,00 € non se esixirán estas certificacións, que serán substituídas por unha nova declaración de non ter débedas pendentes con aqueles organismos.
- Declaración xurada de outras axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados para o mesmo fin.
- Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da subvención así como da realización da actividade ou proxecto subvencionable e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida. (Modelo que se facilitarán ao efecto).
- Certificación acreditativa de que o importe do IVE dos gastos en que se incurriu non resulta recuperable por ningún concepto de acordo coa lexislación vixente (modelo que se facilitará ao efecto).

A xustificación das subvencións deberá realizarse antes do 20 de decembro do ano correspondente. Toda a documentación presentada deberá vir asinada polo representante legal da entidade ou asociación.

D.2) SOLICITUDE DO “CLUB NATACIÓN XOVE” DE SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES DE NATACIÓN DURANTE A TEMPADA 2016-2017

Visto a solicitude do Club Natación Xove, con CIF:27106749 e domicilio a efectos de notificación no Centro Cívico de Xove.

Visto que na Base 31 das de Execución do Orzamento municipal para o exercicio 2017 se prevé unha subvención de carácter nominativo ou directo para a devandita asociación/clube por importe de 25.000€

Visto que a documentación presentada cumpre con todos os requisitos establecidos na Base 32.

Visto o conforme da Interventora municipal acreditando a existencia de crédito na partida 341.489.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión da subvención económica nominativa por importe de 25.000,00€ para entrenos e competición a nivel autonómico e nacional dende setembro de 2016 ata agosto de 2017.

2º) De acordo coa Base 33 das de Execución do Orzamento Municipal para 2017, o libramento en concepto de anticipo da cantidade de 17.500,00€ correspondente ó 70% da subvención concedida.

No caso de que o beneficiario non xustifique de xeito debido a subvención concedida, deberá proceder ao reintegro do anticipo abonado, que se considerará ingreso de dereito público, podendo esixirse de ser necesario pola vía de constrinximento, con independencia das responsabilidades a que houbera lugar.

3º) Establecer como obrigas do beneficiario da axuda todas as relacionadas no artigo 7 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove.

4º) Establecer, consonte ao disposto na Base 35 das de Execución do Orzamento Municipal para 2017, o seguinte réxime de xustificación da subvención:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada (distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable).
- Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa (nóminas, TCs, cartas de pagamento oficiais, etc.). As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 1496/2003, ademais de estar datadas no período subvencionable.
- Deberá aportarse o orixinal que será obxecto de unha estampilla. O estampillado consistirá nunha impresión sobre o documento orixinal da expresión “documento xustificativo da subvención outorgada polo Concello de Xove para”. Unha vez estampillada a factura, efectuarase copia cotexada da mesma aos efectos da devolución do documento orixinal ao beneficiario.

Con carácter excepcional aceptárase a xustificación do pagamento mediante “recibín” do proveedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 50 euros.

Caso de que unha parte da documentación presentada para a xustificación da subvención consista na concesión de premios, esta deberá ir asinada polo receptor do premio mailo representante legal da entidade beneficiaria da axuda.

De acordo co artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, considerarase como gasto realizado aquel gasto do que se teña constancia documental sen necesidade de que figure efectivamente pagado no momento da xustificación da subvención. Non obstante, todo beneficiario dunha subvención nominativa do Concello deberá presentar os documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante antes do 20 de decembro do ano correspondente. Entenderase por documento acreditativo de pagamento, extracto ou certificación bancaria de transferencia, salvo que se trate de pagos inferiores a 100 euros no que se admitirá a expresión “pagado” estampillada na factura polo establecemento comercial correspondente. A estes efectos, en ningún caso poderá obter a condición de beneficiario dunha nova subvención municipal aquela asociación que non tivera presentado os xustificantes de pago correspondentes.

- Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, axuda concedida do Concello, outras axudas, etc.)

No seu caso, un exemplar da documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade subvencionada.

- Certificados acreditativos de non ser debedor á Facenda Estatal, Autonómica, Seguridade Social nin ao Concello de Xove. Non obstante, no momento da solicitude da subvención, o peticionario deberá indicar se autoriza ou non ao Concello de Xove para a obtención de oficio destes certificados.
- Consonte ó artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, para axudas de importe inferior a 3.000,00 €, non se esixirán estas certificacións, que serán substituídas por unha nova declaración de non ter débedas pendentes con aqueles organismos.
- Declaración xurada de outras axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados para o mesmo fin.
- Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da subvención así como da realización da actividade ou proxecto subvencionable e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida. (Modelo que se facilitarán ao efecto).
- Certificación acreditativa de que o importe do IVE dos gastos en que se incurriu non resulta recuperable por ningún concepto de acordo coa lexislación vixente (modelo que se facilitará ao efecto).

A xustificación das subvencións deberá realizarse antes do 20 de decembro do ano correspondente. Toda a documentación presentada deberá vir asinada polo representante legal da entidade ou asociación.

D.3) SOLICITUDE DA ASPANANE DE SUBVENCIÓN PARA COLABORACIÓN NAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE TEMPO DE LECER, CULTURALS E DE APOIO FAMILIAR -2017.

Visto a solicitude de subvención de D^a Mercedes Varela Bolón, como presidenta da Asociación ASPANANE (Asociacións de Pais de Nenos e Adolescentes con Necesidades Especiais) con CIF: G27027028 e domicilio a efectos de notificación en Rúa Lavandeiras, S/N (27863 Celeiro-Viveiro). Visto que na Base 31 das de Execución do Orzamento municipal para o exercicio 2017 se prevé unha subvención de carácter nominativo ou directo para a devandita asociación/clube por importe de 1.200,00€

Visto que a documentación presentada cumpre con todos os requisitos establecidos na Base 32.

Visto o conforme da Interventora municipal acreditando a existencia de crédito na partida 231.489.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión da subvención económica nominativa por importe de 1.200 € para colaboración nas actividades deportivas de tempo de lecer, culturais e de apoio familiar durante 2017.

2º) De acordo coa Base 33 das de Execución do Orzamento Municipal para 2017, o libramento en concepto de anticipo da cantidade de 840€ correspondente ó 70% da subvención concedida.

No caso de que o beneficiario non xustifique de xeito debido a subvención concedida, deberá proceder ao reintegro do anticipo abonado, que se considerará ingreso de dereito público, podendo esixirse de ser necesario pola vía de constrinximento, con independencia das responsabilidades a que houbera lugar.

3º) Establecer como obrigas do beneficiario da axuda todas as relacionadas no artigo 7 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove.

4º) Establecer, consonte ao disposto na Base 35 das de Execución do Orzamento Municipal para 2017, o seguinte réxime de xustificación da subvención:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada (distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable).
- Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa (nóminas, TCs, cartas de pagamento

oficiais, etc.). As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 1496/2003, ademais de estar datadas no período subvencionable.

- Deberá aportarse o orixinal que será obxecto de unha estampilla. O estampillado consistirá nunha impresión sobre o documento orixinal da expresión “documento xustificativo da subvención outorgada polo Concello de Xove para”. Unha vez estampillada a factura, efectuarase copia cotexada da mesma aos efectos da devolución do documento orixinal ao beneficiario.

Con carácter excepcional aceptárase a xustificación do pagamento mediante “recibín” do proveedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 50 euros.

Caso de que unha parte da documentación presentada para a xustificación da subvención consista na concesión de premios, ésta deberá ir asinada polo perceptor do premio mailo representante legal da entidade beneficiaria da axuda.

De acordo co artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, considerarase como gasto realizado aquel gasto do que se teña constancia documental sen necesidade de que figure efectivamente pagado no momento da xustificación da subvención. Non obstante, todo beneficiario dunha subvención nominativa do Concello deberá presentar os documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante antes do 20 de decembro do ano correspondente. Entenderase por documento acreditativo de pagamento, extracto ou certificación bancaria de transferencia, salvo que se trate de pagos inferiores a 100 euros no que se admitirá a expresión “pagado” estampillada na factura polo establecemento comercial correspondente. A estes efectos, en ningún caso poderá obter a condición de beneficiario dunha nova subvención municipal aquela asociación que non tivera presentado os xustificantes de pago correspondentes.

- Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, axuda concedida do Concello, outras axudas, etc.)

No seu caso, un exemplar da documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade subvencionada.

- Certificados acreditativos de non ser debedor á Facenda Estatal, Autonómica, Seguridade Social nin ao Concello de Xove. Non obstante, no momento da solicitude da subvención, o petitionerio deberá indicar se autoriza ou non ao Concello de Xove para a obtención de oficio destes certificados.
- Consonte ó artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, para axudas de importe inferior a 3.000,00 €, non se esixirán estas certificacións, que serán substituídas por unha nova declaración de non ter débedas pendentes con aqueles organismos.
- Declaración xurada de outras axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados para o mesmo fin.
- Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da subvención así como da realización da actividade ou proxecto subvencionable e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida. (Modelo que se facilitarán ao efecto).
- Certificación acreditativa de que o importe do IVE dos gastos en que se incurriu non resulta recuperable por ningún concepto de acordo coa lexislación vixente (modelo que se facilitará ao efecto).

A xustificación das subvencións deberá realizarse antes do 20 de decembro do ano correspondente. Toda a documentación presentada deberá vir asinada polo representante legal da entidade ou asociación.

D.4) AXUDA DE GANDERÍA A D. EMILIO VÁZQUEZ LOPEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Emilio Vázquez Lopez con D.N.I. nº 76.564.029-L , con domicilio en Gondar, 8 (27879 Monte) por morte de unha xata de 2 meses de idade por importe de 200,00 €

D.5) AXUDA DE GANDERÍA A D^a MARIA LOURDES DOMINGUEZ BERMÚDEZ.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a María Lourdes Domínguez Bermúdez con D.N.I. nº 33.302.107-Q, con domicilio en Cabandela, 34 (27878 Sumoas) por morte de dunha vaca, por importe de 400,00 €

D.6) AXUDA DE GANDERÍA A D^a ANGELICA GONZÁLEZ RODRÍGUEZ.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Angelica González Rodríguez con D.N.I. nº 76.557.678-Q, con domicilio en Labradela, 7 (27879 Rigueira) por morte de un xato, por importe de 200,00 €

D.7) AXUDA DE GANDERÍA A D^a DOLORES GUERREIRO PITA.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por dous votos a favor e a abstención de D^a Dolores Meitin, acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Dolores Guerreiro Pita con D.N.I. nº 76.557.077-J, con domicilio en San Cristobo, 5 (27877 Portocelo) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00 €

D.8) AXUDA DE GANDERÍA A D^a YOLANDA LOPEZ LOPEZ.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Yolanda López López con D.N.I. nº 33994312-J, con domicilio en C/ Apeadero, 18 P03 D (27870 Xove) por morte de un xato o nacer, por importe de 120,00 €

D.9) AXUDA DE GANDERÍA A D^a YOLANDA LÓPEZ LÓPEZ

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Yolanda López López con D.N.I. nº 33.994.312-J, con domicilio en c/ Acceso Apeadero, 18 3ºD (27870 Xove) por morte de unha vaca por importe de 300,00 €

D.10) AXUDA DE GANDERÍA A D^a ANGELICA GONZÁLEZ RODRÍGUEZ.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Angelica González Rodríguez con D.N.I. nº 76.557.678-Q, con domicilio en Labradela, 7 (27879 Rigueira) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00 €

D.11) AXUDA DE GANDERÍA A D^a SARA GOMEZ GOMEZ.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Sara Gómez Gómez con D.N.I. nº 76.563.736-W, con domicilio en Cabo, 8 (27878 Sumoas) por morte de un toro de 6 anos de idade por importe de 400,00 €

D.12) APROBACIÓN DE LIBRAMENTO DE SUBVENCIÓN Ó CENTRO SOCIAL DE A VARA-XUANCES, DE CONFORMIDADE CO CONCURSO DE EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFÉ-BAR.

Vista solicitude formulada por D^a Maribel Guerreiro Abad, con D.N.I. nº: 76.563.291-V, con enderezo no Centro Social de A Vara (27877 Xuances), na que manifesta que durante o período comprendido entre o 01/08/2016 ó 31/01/2017, produciuse unha perda ou déficit no mesmo

segundo xustifica, polo que de conformidade coas bases da contratación da explotación do servizo de café-bar no Centro Social epigrafiado, solicita o libramento da subvención prevista ó efecto. Pola Xunta de Goberno Local, previa deliberación, de conformidade cos acordos de 14 de decembro de 1998 e 13 de xaneiro de 1999 a tenor dos cales se establece a subvención máxima a percibir por importe de 2.102,34€ e visto que transcorreron outros seis meses da actividade, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A aprobación do libramento do importe de 1.051,17€ correspondentes ó 50% do importe máximo da subvención prevista para o presente exercicio a tenor da falta de rentabilidade e explotación do centro antedito e polo carácter social das actividades que se desempeñan no local municipal referido.

2º) Procederase no seu caso, trala nova xustificación documental do desequilibrio económico na concesión referida transcorrido outro período de seis meses ó libramento da porcentaxe pendente de subvención.

D.13) SOLICITUDE DE D. PABLO FERNANDEZ FRA DE BAIXA DO VADO PERMANENTE Nº 23 SITO EN CAMIÑO REAL, 1 (XOVE).

Vista solicitude formulada por D. Pablo Fernández Fra con D.N.I. nº: 76.545.488-Q con domicilio en C/ Camiño Real, 1 (27870 Xove) no que solicita a baixa do vado permanente nº 23 sito en Camiño Real, 1 (Xove) por non ser de utilidade ó non poder aparcarse nesa zona. Expediente: 408/17

Visto informe do Arquitecto Técnico Municipal que sinala o seguinte:

- *A baixa do vado que se solicita, queda condicionado a estar o corrente das anualidades correspondentes, así coma ao pago dos gastos de restitución da beirarua, se fose necesario, ao seu orixinal estado.(sin vado).*
- *Ditas obras faranse por medio da brigada municipal que unha vez evaluados os gastos correspondentes se facturarán ao interesado, ou ben ditas obras de restitución pode facelas o interesado previa a comprobación por parte dos servizos técnicos municipais do estado da beirarrúa unha vez rematados estes traballos.*
- *A baixa definitiva farase unha vez constatados os apartados anteriores.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase :

1º) Conceder a baixa do vado permanente solicitado.

2º) A notificación ó interesado os efectos oportunos.

D.14) SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO DE Mª NIDIA BARRO CASABELLA.

Visto escrito de Dª Mª Nidia Barro Casabella con D.N.I. nº: 33.828.136-N con domicilio en Lagar, 27 (27878 Sumoas) no que solicita que lle sexa outorgada por parte deste Concello a tarxeta de estacionamento para minusválidos, acompañando certificado do grao de minusvalía do 44%, e no que sinala que non ten dificultades graves de mobilidade que lle impiden a utilización de transporte colectivo.

Visto ó informe emitido pola Traballadora Social, e a documentación obrante no expediente; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en votación ordinaria acordase:

1º) Conceder a tarxeta de estacionamento solicitada, adscrita ó vehículo marca Mercedes ML-320 matrícula 7596-GMX

2º) A Notificación Dª Mª Nidia Barro Casabella con domicilio en Lagar, 27 (27878 Sumoas) os efectos procedentes.

D.15) APROBACIÓN DA CONVOCATORIA DE AXUDAS DO PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL 2017

Vista proposta de Alcaldía relativa a unha nova convocatoria para axudas para o plan de emprego 2017, que se transcriben de seguido:

CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE SUBVENCIÓNS AO ABEIRO DO PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL (ANUALIDADE 2017)

1.- Entidade adxudicadora

a.- Organismo: Xunta de Goberno Local do Concello de Xove

b.- Departamento que tramita o expediente: Departamento de Emprego

2.- Obxecto

Concesión de subvencións para fomento da contratación laboral e do autoemprego ao abeiro do Plan de Emprego Municipal

3.- Beneficiarios

Empresas con personalidade xurídica privada calquera que sexa a súa modalidade, autónomos, sociedades civís, unións temporais de empresas, comunidades de bens, fundacións e asociacións aínda carentes de personalidade xurídica, que desexen contratar a unha ou máis persoas que reúnan os requisitos esixidos, sempre que o contrato sexa de duración mínima inicial de seis meses. Para a liña de autoemprego, persoas que estean empadroadas e con residencia no municipio mínima de 6 meses anteriores á data de solicitude.

4.- Forma de adxudicación da concesión da subvención: Concorrenza competitiva. Ao tratarse de un procedemento administrativo que non leva aparellado o esgotamento do crédito nun só acto de concesión senón que a súa disposición se realiza en actos sucesivos, e tal e como dispón o artigo 31.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no momento do esgotamento da partida orzamentaria asignada non poderán admitirse posteriores solicitudes destinadas a participar del, salvo que se recorra a un incremento do crédito orzamentario ou se recorra a unha nova convocatoria, do xeito establecido no artigo 31.2 da lei anterior.

5.- Orzamento

A contía prevista para esta actuación na presente convocatoria é 114.300,00 euros con cargo á aplicación 241.470 do Orzamento Municipal de 2017.

6.- Contía da subvención

6.1.- Contratacións laborais indefinidas: no caso da contratación de un home, máximo de 5.400 para os tres anos; ata un máximo anual de 1.800 euros. No caso de unha muller, máximo de 6.300 para os tres anos e ata un máximo anual de 2.100 euros.

6.2.- Contratacións laborais temporais de seis ou máis meses de duración: no caso da contratación de un home, máximo de 3.000 euros para os tres anos; ata un máximo anual de 1.000 euros. No caso de unha muller, máximo de 3.900 euros para os tres anos; ata un máximo anual de 1.300 euros.

6.3.- Autoemprego: axuda equivalente ao importe da súa Seguridade Social co límite máximo de 5.400 euros para os tres anos (límite máximo anual de 1.800 €) no caso de un home e 6.300 euros (límite máximo anual de 2.100 €) para unha muller.

7.- Gastos subvencionables

Son subvencionables os gastos nos que se incorre pola contratación de persoal indefinido ou temporal ou polo autoemprego que teñan lugar desde o 1 de xaneiro de 2017.

8.- Prazo e forma de xustificación

Fíxase un período máximo de xustificación documental para o libramento das subvencións concedidas ao abeiro do Plan de Emprego que rematará o 15 de marzo do ano seguinte ao de referencia, a non ser para as contratacións ou altas na seguridade social, no caso de autónomos, realizadas con posterioridade ao 15 de agosto, que disporán dun ano máis de prazo para solicitar o libramento desta axuda, non admitíndose xustificacións con posterioridade a estas datas, e perdéndose a subvención polo adxudicatario da mesma.

Para o caso de contratacións laborais

Despois da notificación do acordo de concesión da axuda, as empresa contratantes presentarán no Concello unha copia de cada contrato efectuado ao abeiro desta subvención.

Para o libramento da axuda correspondente a empresa aportará a seguinte documentación:

- * Copia das transferencias bancarias das nóminas aboadas á persoa traballadora.*
- * TC1 e TC2 de todos os meses dos que solicita cobro.*
- * Certificado acreditativo de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Estado, Comunidade Autónoma e Concello de Xove), e coa Seguridade Social a nome da empresa.*

- * *Declaración doutras axudas en modelo normalizado do Concello de Xove.*
- * *Certificación expedida pola entidade bancaria no que conste o número de conta e titular da mesma*

* *O prazo para solicitar libramentos comezará ao día seguinte da aprobación da convocatoria anual e abarcará ata o 15 de marzo do ano seguinte ao de referencia, é dicir: o cobro de cada ano solicitarase antes do 15 de marzo do ano seguinte*

* *Con carácter excepcional e debidamente motivado poderán, non obstante pola Xunta de Goberno Local para casos específicos de subvención a unha empresa dun número elevado de traballadores cunha repercusión económica notable, efectuarse libramentos bimestrais ou trimestrais previa acreditación do pago das nóminas e do ingreso dos seguros sociais ca Tesourería da Seguridade Social.*

Para o caso de autoemprego

Despois da notificación do acordo de concesión da axuda, a persoa autónoma presentará no Concello unha copia da alta na Seguridade Social que non poderá ser máis de dous meses posterior á data de solicitude desta subvención.

Para o libramento da axuda correspondente a persoa autónoma aportará a seguinte documentación:

- * *Recibos de pago de Seguridade Social de todos os meses.*
- * *Certificado acreditativo de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Estado, Comunidade Autónoma e Concello de Xove), e coa Seguridade Social a nome da persoa e se é o caso da empresa.*

* *Declaración doutras axudas en modelo normalizado do Concello de Xove.*

* *O prazo para solicitar libramentos vai desde o día seguinte ao da aprobación da convocatoria anual e abarcará ata o 15 de marzo do ano seguinte ao de referencia, é dicir: o cobro de cada ano solicitarase antes do 15 de marzo do ano seguinte.*

O período mínimo de alta na S.S. será de doce meses.

Para ámbalas dúas modalidades de subvención, o aboamento da subvención, unha vez aprobada a documentación xustificativa desta, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada polo solicitante. Non se procederá ao seu aboamento se o solicitante non está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

9.- Presentación de solicitudes de subvención

a) Data límite de presentación de solicitudes:

-Para o caso de contratacións: O prazo está aberto durante todo o ano, pero será obrigatorio formalizar a solicitude dentro do prazo de un mes contado a partires da data de alta na Seguridade Social. Se no período de proba a empresa decidise prescindir dos servizos da persoa contratada, poderá solicitar outra ao Concello, que sexa solicitante así mesmo do PEM.

-Para o caso de autoemprego: O prazo para solicitalo está aberto durante todo o ano, e cada persoa debe facelo dentro dos dous meses contados desde a data de alta na Seguridade Social.

b) Documentación a presentar: impreso oficial completo acompañado da documentación esixida nas bases reguladoras da presente convocatoria.

c) Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Xove. Camiño Real, s/n; 27880, Xove (Lugo)

10.- Resolución do procedemento: Xunta de Goberno Local, previo informe-proposta da Axente de Emprego e Desenvolvemento Local

11.- Obrigas dos beneficiarios da subvención

Para o caso de contratacións laborais

- 1) Manter actualizado o expediente.*
- 2) Comunicar calquera modificación tida en conta para a concesión da subvención.*
- 3) Presentar toda a documentación que sexa requirida desde o Concello.*
- 4) Cumprir a normativa laboral e de seguridade social.*

Calquera outras obrigas esixidas nas Bases da convocatoria.

Para o caso de autoemprego

- 1) *Manter actualizado expediente.*
- 2) *Comunicar calquera modificación tida en conta para a concesión da subvención.*
- 3) *Presentar toda a documentación que sexa requirida desde o Concello.*
- 4) *Cumprir a normativa de seguridade social.*

Calquera outras obrigas esixidas nas Bases da convocatoria.

12.- Outras informacións.- No Departamento de Emprego do Concello de Xove. Teléfono: 982.59.20.01

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

- 1º) Proceder á convocatoria pública das axudas do Plan de Emprego Municipal para o exercicio 2017, de acordo coas bases Reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno na sesión de 8 de xaneiro de 2016.
- 2º) Autorizar o gasto de 114.300,00 € con á partida 241.470 do Estado de Gastos do 2017.
- 3º) Ordear a súa publicación na páxina web municipal e mediante anuncios no taboeiro de anuncios do concello así como na Base de datos Nacional de Subvencións.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as doce horas e dez minutos, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fé.

Vº e PR

O ALCALDE,

O SECRETARIO ,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luis M. Fernández del Olmo.

